

a evolución recente do Fondo e os seus efectos á luz dos informes elaborados polo comité técnico e polo Banco de España.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde ministerial.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de outubro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17629 *REAL DECRETO 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo. («BOE» 266, do 4-11-2008.)*

O Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados, ditouse coa finalidade de lograr unha maior transparencia do mercado, así como unha maior racionalidade produtiva, evitando no posible que os produtos que se comercializaban en envases cuxos contidos diferían pouco entre si puidesen inducir a erro ao consumidor, ao tempo que levou a cabo a necesaria harmonización da nosa lexislación con diversas directivas comunitarias.

Posteriormente, o citado real decreto modificouse en diversas ocasións con obxecto de adaptar a regulación da materia ao contido de distintas directivas europeas, entre elas a Directiva 98/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 1998, relativa á protección dos consumidores en materia de indicación dos prezos dos produtos ofrecidos aos consumidores, cuxa transposición ao ordenamento interno se levou a cabo mediante o Real decreto 3423/2000, do 15 de decembro, polo que se regula a indicación dos prezos dos produtos ofrecidos aos consumidores e usuarios, que recolle a obriga de informar acerca do prezo por unidade de medida nos produtos ofrecidos polos comerciantes aos consumidores, co obxecto de facilitar a comparación dos prezos, o que incidía directamente na xustificación que amparaba a existencia das gamas de cantidades nominais, finalidade que actualmente queda salvagardada ao existir unha obriga de informar sobre o prezo final, incluídos o IVE e todos os demais impostos, por unha unidade de medida do produto.

Por outra parte, sobre a premisa fundamental de ter asegurados os dereitos dos consumidores, considerábase necesario atender a petición de diversos sectores afectados, co fin de flexibilizar o mercado de acordo co que sucedía nos países da nosa contorna.

Recentemente, debido aos cambios apreciados nas preferencias dos consumidores e á innovación no envasado e na venda retalista nos ámbitos comunitario e nacional, a Comisión Europea procedeu a unha revisión desta materia coa finalidade de determinar se a lexislación vixente até o momento seguía a ser adecuada. Como con-

secuencia desta revisión aprobouse a Directiva 2007/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos preenvasados, e se derrogan as directivas 75/106/CEE e 80/232/CEE do Consello e se modifica a Directiva 76/211/CEE, do Consello.

Todas estas circunstancias fan necesario que se adopten no ordenamento español as disposicións oportunas en relación ás cantidades nominais para produtos envasados, con obxecto de dar cumprimento á Directiva 2007/45/CE. Así pois, a incorporación ao ordenamento xurídico interno desta directiva lévase a cabo mediante este real decreto, que procede a liberalizar as cantidades nominais para produtos envasados dirixidos ao consumidor final, coa finalidade de lles deixar máis liberdade aos fabricantes para subministrar mercadorías acordes cos gustos dos consumidores e mellorar así a competencia en materia de calidade e prezo dos produtos.

Por outra parte, tendo en conta as implicacións que en materia de control metrolóxico derivan da citada directiva, de conformidade coa Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía e o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida, así como a dispersión normativa existente en materia de control do contido efectivo dos produtos envasados, para lograr unha maior racionalidade e claridade, por medio deste real decreto procédese á refundición das normas existentes. Para tal efecto, incorpóranse a este real decreto as normas do Real decreto 723/1988, do 24 de xuño, relativo ao control do contido efectivo dos produtos alimenticios, polo que as directivas que no seu día se incorporaron ao citado real decreto se conteñen agora neste real decreto.

Na súa tramitación foi sometido a consulta das comunidades autónomas, déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiron o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e o Consello Superior de Metroloxía.

Esta norma ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a e 13.^a, da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre pesos e medidas e sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio, e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008.

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Establecer normas relativas ás cantidades nominais para produtos introducidos en envases.
2. Fixar as tolerancias do contido dos produtos envasados.
3. Fixar os erros máximos permitidos na medida do contido efectivo dos envases.
4. Fixar as modalidades de control estatístico do contido dos produtos envasados.
5. Fixar a responsabilidade das persoas físicas ou xurídicas en relación ao envasado de produtos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase aos produtos envasados destinados ao consumidor, coa excepción dos produtos enumerados no anexo I que sexan vendidos en tendas

libres de impostos para o seu consumo fóra da Unión Europea.

2. As disposicións establecidas sobre o control do contido efectivo dos produtos envasados aplicaranse en fábricas, plantas de envasado, almacéns dos distribuidores ou nos almacéns dos importadores aos produtos envasados e destinados á súa venda en cantidades nominais unitarias constantes:

- a) Iguais a valores prefixados polo envasador.
- b) Expresadas en unidades de masa ou volume.
- c) Iguais ou superiores a cinco gramos ou cinco mililitros e inferiores ou iguais a 10 quilogramos ou 10 litros.

Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto considérase:

a) Envase: unidade formada polo envase propiamente dito e o seu contido, de forma que a cantidade de produto que contén non se poida variar sen que o envase propiamente dito sufra unha apertura ou modificación perceptible.

b) Cantidade nominal (masa nominal ou volume nominal): é a masa ou volume de produto marcado na etiquetaxe do envase; é dicir, a cantidade de produto que se considera que debe conter o envase.

c) Contido efectivo: é a cantidade (masa ou volume) de produto que contén realmente o envase. Cando se exprese en unidades de volume, entenderase referido á temperatura de 20 °C, con exclusión dos produtos conxelados e ultraconxelados.

d) O «erro por defecto» nun envase é a diferenza en menos do contido efectivo respecto á cantidade nominal.

e) O «erro máximo por defecto tolerado» nun envase é a cantidade máxima que pode diferir en menos da cantidade nominal.

f) O «contido mínimo tolerado» nun envase é o obtido restándolle á cantidade nominal do envase o erro máximo por defecto tolerado.

g) «Envase deficiente» é aquel cuxo contido efectivo é inferior ao contido mínimo tolerado.

h) Lote: conxunto de envases de iguais cantidades nominais, modelo e fabricación, enchidos no mesmo lugar e que son obxecto do control.

Cando o control dos envases se realiza ao final da cadea de envasado, o tamaño do lote é igual á produción horaria máxima daquela. Noutros casos, o tamaño limítase a 10.000 envases.

i) Control non destrutivo: control que non entraña a apertura do envase.

j) Control destrutivo: control que supón a apertura ou destrución do envase.

Artigo 4. *Comercialización e libre circulación de determinados produtos.*

1. Salvo os produtos a que se refire o número 2 deste artigo e o artigo 5 deste real decreto, os produtos envasados comercializaranse libremente en España calquera que sexan as cantidades nominais do envase.

2. Os produtos definidos no número 2 do anexo I deste real decreto introducidos en envases nos intervalos que figuran no seu número 1, só se poderán comercializar se están envasados nas cantidades nominais que nela se indican. Fóra dos referidos intervalos, a utilización de gamas de envases será libre.

Artigo 5. *Xeradores aerosois.*

1. Nos xeradores aerosois deberase indicar a capacidade nominal total do recipiente de forma que non xere confusión co contido nominal en volume.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Instrución técnica complementaria MIE-AP3, recollida no anexo do Real decreto 2549/1994, do 29 de decembro, polo que se modifica a Instrución técnica complementaria MIE-AP3 do Regulamento de aparellos de presión, referente a xeradores de aerosois, os produtos que se vendan en xeradores aerosois poderán non levar a indicación do seu contido en peso nominal.

Artigo 6. *Envases múltiples formados por dous ou máis envases individuais non destinados a seren vendidos por separado.*

1. Para efectos do establecido no artigo 4, cando dous ou máis envases conformen un envase múltiple, as cantidades nominais enumeradas no número 1 do anexo I aplicaranse a cada un dos envases.

2. Cando un envase estea formado por dous ou máis envases individuais que non estean destinados a seren vendidos por separado, as cantidades nominais enumeradas no número 1 do anexo I aplicaranse ao envase.

Artigo 7. *Principios xerais do control do contido dos produtos envasados.*

O envasado deberase realizar de tal forma que permita cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a media do contido efectivo dos envases non sexa inferior á cantidade nominal.

b) Que a proporción de envases cun erro por defecto superior ao máximo tolerado sexa o suficientemente pequena para que permita aos lotes satisfacer os controis estatísticos deste real decreto.

c) Que ningún envase teña un erro por defecto superior ao dobre do erro máximo por defecto tolerado.

Artigo 8. *Tolerancias.*

O erro máximo por defecto tolerado no contido dun envase fíxase conforme o cadro número 1.

CADRO I

Cantidade nominal en gramos ou en mililitros	Erros máximos por defecto tolerados			
	Masa		Volume	
	Porcentaxe - Cantidade nominal	En gramos	Porcentaxe - Cantidade nominal	En mililitros
De 5 a 50	9,0	-	9,0	-
De 51 a 100	-	4,5	-	4,5
De 101 a 200	4,5	-	4,5	-
De 201 a 300	-	9,0	-	9,0
De 301 a 500	3,0	-	3,0	-
De 501 a 1.000	-	15,0	-	15,0
De 1.001 a 10.000	1,5	-	1,5	-

Na aplicación do cadro número 1 os valores calculados en unidades de masa ou de volume para os erros máximos por defecto tolerados, que se indican en porcentaxe, arredondaranse por exceso á décima de gramo ou de mililitro.

Artigo 9. *Inscripcións e marcaxe.*

Todo envase debe levar de forma indeleble, facilmente lexible e visible, segundo se especifica, as seguintes indicacións:

a) A cantidade nominal (masa ou volume nominal) expresada, utilizando como unidades de medida o quilo-

gramo ou o gramo, o litro, o centilitro ou o mililitro, por medio de cifras dunha altura mínima de:

1.º) 6 milímetros, se a cantidade nominal é superior a 1.000 gramos ou 100 centilitros.

2.º) 4 milímetros, se a cantidade nominal está comprendida entre 1.000 gramos ou 100 centilitros, inclusive, e 200 gramos ou 20 centilitros, exclusive.

3.º) 3 milímetros, se a cantidade nominal está comprendida entre 200 gramos ou 20 centilitros, inclusive, e 50 gramos ou 5 centilitros, exclusive.


4.º) 2 milímetros, se a cantidade nominal é igual ou inferior a 50 gramos ou 5 centilitros.

Irán seguidos do símbolo da unidade de medida ou ben do seu nome, conforme o disposto legalmente.

b) A inscrición que, de acordo coa lexislación vixente, permita aos servizos de Inspección competentes identificar o envasador, o responsable do envasado ou o importador, establecidos na Comunidade.

c) Os envases que respondan ás modalidades de control estatístico de lotes establecidas neste real decreto poden recibir o signo CE «e», que certifica, baixo responsabilidade do envasador ou do importador, que o envase cumpre coas disposicións do real decreto.

O signo CE «e», dunha altura mínima de 3 milímetros, colócase no mesmo campo visual que a indicación da masa ou volume nominais e toma a forma representada polo debuxo que segue:



As dimensións deste debuxo exprésanse en función da unidade que representa o diámetro do círculo circunscrito á letra «e».

Artigo 10. Modalidades no control estatístico de lotes.

1. Os controis dos envases efectuaranse por mostraxe e exerceranse:

a) Un sobre o contido efectivo de cada un dos envases da mostra.

b) Outro sobre a media dos contidos efectivos dos envases da mostra.

2. Un lote considerarase aceptable se o resultado dos controis satisfai os dous criterios de aceptación que se especifican nos artigos 11 e 12 deste real decreto.

3. Para cada un deses controis están previstos dous plans de mostraxe:

a) Un para un control non destrutivo.

b) Outro para un control destrutivo.

O control destrutivo non se debe utilizar se se pode realizar un control non destrutivo.

4. Previamente aos controis previstos nos artigos 11 e 12, tomarase ao chou un número suficiente de envases do lote, co fin de efectuar o control que require a mostra de medida.

A mostra necesaria para o control da media tomarase ao chou da mencionada no parágrafo anterior e marcarase. Esta marcación efectuarase antes do comezo das operacións de medida.

5. Para efectos do cálculo dos parámetros necesarios para o control estatístico de lotes teranse en conta os métodos de cálculo estatístico que se recollen no anexo II deste real decreto.

Artigo 11. Control do contido efectivo.

1. Control non destrutivo:

O control non destrutivo efectuarase seguindo o plan de mostraxe que se recolle no cadro número 2.

O número de envases controlados en primeiro lugar debe ser igual ao tamaño da primeira mostra que se indica no cadro número 2.

Se o número de envases deficientes encontrados na primeira mostra é inferior ou igual ao primeiro criterio de aceptación, o lote considerarase aceptado para este control.

Se o número de envases deficientes encontrados na primeira mostra é igual ou superior ao primeiro criterio de rexeitamento, o lote rexeitarase.

Se o número de envases deficientes encontrados na primeira mostra está comprendido entre o primeiro criterio de aceptación e o primeiro criterio de rexeitamento, deberase utilizar unha segunda mostra, cuxo tamaño vén dado no cadro número 2.

O número de envases deficientes encontrados na primeira e segunda mostraxas débense acumular.

Se o número acumulado de envases deficientes é inferior ou igual ao segundo criterio de aceptación, o lote considerarase aceptado para este control.

Se o número acumulado de envases deficientes é superior ou igual ao segundo criterio de rexeitamento, o lote rexeitarase.

CADRO 2

Tamaño do lote	Mostras			Número de envases deficientes	
	Orde	Tamaño	Tamaño acumulado	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
De 100 a 500	1.º	30	30	1	3
	2.º	30	60	4	5
De 501 a 3.200 . . .	1.º	50	50	2	5
	2.º	50	100	6	7
De 3.201 ou máis . .	1.º	80	80	3	7
	2.º	80	160	8	9

Cando o tamaño do lote sexa inferior a 100 envases, o control non destrutivo realizarase sobre a súa totalidade.

2. Control destrutivo:

O control destrutivo efectuarase seguindo o plan de mostraxe simple que se indica no cadro número 3 e non debe ser utilizado máis que para lotes cuxo tamaño sexa igual ou superior a 100.

O número de envases controlados debe ser igual a 20.

Se o número de envases deficientes encontrados na mostra é inferior ou igual ao criterio de aceptación, o lote considerarase aceptado para este control.

Se o número de envases deficientes encontrados na mostra é igual ou superior ao criterio de rexeitamento, o lote desbotarase.

CADRO 3

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Número de envases deficientes	
		Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
Calquera tamaño (≥ 100) ..	20	1	2

Artigo 12. Control da media do contido efectivo do lote de envases.

Un lote aceptarase neste control se a media dos contidos efectivos dos envases da mostra cumpre coa seguinte expresión:

$$\bar{X} \geq Q_n - \frac{s}{\sqrt{n}} \times t_{(1-\alpha)}$$

En que:

X = media dos contidos efectivos dos envases da mostra.

Q_n = cantidade nominal.

n = tamaño da mostra para este control.

s = estimación da desviación típica dos contidos efectivos do lote.

$t_{(1-\alpha)}$ = variable aleatoria de distribución de Student; función do número de graos de liberdade $v = n - 1$ e de nivel de confianza $(1 - \alpha) = 0,995$.

Os criterios de aceptación ou rexeitamento para o control da media son os expresados nos cadros números 4 e 5.

CADRO 4

1. Control non destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
De 100 a 500 ..	30	$X - \geq Q_n - 0,503.s$	$X - < Q_n - 0,503.s$
Máis de 500 ..	50	$X - \geq Q_n - 0,379.s$	$X - < Q_n - 0,503.s$

CADRO 5

2. Control non destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
Calquera (≥ 100)	20	$X - \geq Q_n - 0,640.s$	$X - < Q_n - 0,640.s$

Artigo 13. Medición do contido efectivo dos envases.

O contido efectivo dos envases pode ser medido directamente coa axuda de instrumentos de medida de masa ou volume ou, se se trata de líquidos, indirectamente por pesaxe do produto e medida da súa densidade, entendida como a relación entre masa e volume.

Calquera que sexa o método utilizado, o erro cometido na medida do contido efectivo dun envase debe ser, como máximo, igual á quinta parte do erro máximo tolerado correspondente á cantidade nominal do envase.

Artigo 14. Responsabilidades.

1. Corresponde á persoa física ou xurídica cuxo nome, razón social ou denominación figure na etiqueta do envase, ou ao importador establecido na Unión Europea, de ser o caso, a responsabilidade de que os envases respondan ás prescricións deste real decreto.

2. O contido efectivo debe ser medido ou controlado (en masa ou volume) baixo a responsabilidade das persoas físicas ou xurídicas referidas no punto anterior, empregando un instrumento de medida sometido ao control metrolóxico do Estado, apropiado á natureza da operación que se vaia efectuar. O control pódese facer por mostraxe.

Para os produtos cuxa cantidade se exprese en unidades de volume, unha forma, entre outras, de satisfacer a obriga de medida ou control é que o envasador utilice recipientes-medida coas características especiais determinadas polo Real decreto 703/1988, do 1 de xullo, polo que se aproban as características das botellas utilizadas como recipientes-medida, ou mediante outra disposición específica e sempre que a operación de envasado se efectúe nas condicións que se prevexan nestas ou neste real decreto.

3. Cando o contido efectivo non se mida, o control por parte do responsable debe estar organizado de forma que se garanta o valor do contido nominal conforme as prescricións deste real decreto. Con este fin, o responsable debe realizar controis de fabricación que sigan as modalidades de control previstas por este real decreto ou dunha eficacia comparable igual ou superior, de forma que se cumpran os principios xerais e tolerancias recollidos nos artigos 7 e 8, e debe ter ao dispor dos servizos de inspección a documentación en que se consignen os resultados do citado control, co fin de certificar a realización regular e correcta dos controis, así como das correccións e axustes cuxa necesidade demostrasen.

4. Os prazos de conservación dos documentos a que se alude neste artigo serán os seguintes:

- Para produtos de duración mínima de até tres meses: un ano.
- Para produtos de duración mínima comprendida entre tres e 18 meses: tres anos.
- Para produtos de duración mínima superior a 18 meses: cinco anos.

Non prescribirán os anteriores prazos naqueles casos en que se incoase e notificase expediente administrativo.

5. Nas importacións procedentes de países terceiros, o importador, en lugar de efectuar a medición ou o control, poderá presentar a proba de que conta con todas as garantías necesarias para asumir a súa responsabilidade.

Artigo 15. Controis que deberán efectuar os servizos de inspección competentes.

1. O control de conformidade con este real decreto efectuarano os servizos de inspección competentes mediante sondaxe dos lotes ante o responsable ou o seu representante legal e, no seu defecto, ante a persoa delegada.

O control estatístico efectuarase por mostraxe nos lugares que establece o artigo 2, conforme as regras deste real decreto ou por outras de eficacia comparable.

2. Para o criterio do contido mínimo tolerado (cadros números 2 e 3), o plan de mostraxe empregado polos servizos de inspección competentes será declarado comparable ao deste real decreto se o valor da abscisa correspondente ao punto de ordenada 0,10 da curva de eficacia do primeiro plan (probabilidade de aceptación do lote = 0,10) se desvía en menos de 0,15 veces do valor da abscisa do punto correspondente da curva de eficacia do plan de mostraxe correspondente deste real decreto.

3. Para o criterio da media establecido polo método da desviación típica (cadros números 4 e 5), o plan de mostraxe empregado polos servizos de inspección competentes será declarado comparable ao deste real decreto se, ao ter como variable do eixe das abscisas na curva de eficacia dos dous plans, o valor da abscisa correspondente ao punto de ordenada 0,10 da curva do primeiro plan (probabilidade de aceptación do lote = 0,10) se desvía en menos de 0,05 veces do valor da abscisa do punto correspondente da curva de eficacia do plan de mostraxe correspondente deste real decreto.

$$\frac{Q_n - X}{s}$$

4. Este real decreto non obstaculizará os controis que poidan levar a cabo en todas as fases do comercio os servizos de inspección competentes; en particular, para comprobar que os envases responden ás prescricións que nel se establecen.

Artigo 16. *Prohibicións, infraccións e sancións.*

1. Sempre que se desbote un lote como consecuencia do control, prohíbese a súa comercialización até que se corrixa o erro detectado.

2. Para efectos de comprobar o cumprimento do disposto neste real decreto, admítase como proba concluínte o control realizado polos servizos de inspección competentes ante o responsable ou o seu representante legal ou, no seu defecto, persoa delegada.

3. As infraccións ao disposto neste real decreto serán sancionadas en cada caso polas autoridades competentes, de acordo co previsto no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro; no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria ou, cando proceda, na Lei 3/1985, do 8 de marzo, de metroloxía, desenvolta no Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, logo de instrución do correspondente expediente administrativo.

Disposición adicional primeira. *Símbolo CE «E».*

A utilización do símbolo CE «E» establecida no artigo 9.c) poderase autorizar tamén cando se utilicen métodos de control de eficacia comparable ao recollido na norma.

Estes métodos serán aprobados mediante a oportuna disposición de desenvolvemento deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Modificación do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.*

A referencia que realiza a epígrafe 2.1 do capítulo II do anexo X do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo

que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, aos requisitos dispostos polo Real decreto 723/1988, do 24 de xuño, relativo ao control do contido efectivo dos produtos alimenticios, entenderase realizada a este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse o Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e capacidades nominais para determinados produtos envasados; o Real decreto 707/1990, do 1 de xuño, polo que se establecen as gamas de cantidades nominais permitidas, para certos produtos industriais envasados; a Norma xeral para o control do contido efectivo dos produtos alimenticios envasados, aprobada polo Real decreto 723/1988, do 24 de xuño; así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, competencia exclusiva en materia de lexislación sobre pesos e medidas e sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito comunitario ao dereito español.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos preenvasados, e se derrogan as directivas 75/106/CEE e 80/232/CEE, do Consello, e se modifica a Directiva 76/211/CEE, do Consello.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a obtención do sal e salmoiras comestibles.*

Dáselle nova redacción ao artigo 14.3 do Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a obtención do sal e salmoiras comestibles, cuxo teor será o seguinte:

«14.3 No caso do sal iodado para uso directo, os envases deberán ser impermeables.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 11 de abril de 2009.

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Gammas das cantidades nominais do contido dos envases

1. *Produtos vendidos por volume (cantidade en ml)*

Viño tranquilo: No intervalo de 100 ml a 1.500 ml, só as oito cantidades nominais seguintes: ml: 100 – 187 – 250 – 375 – 500 – 750 – 1.000 – 1.500.

Viño amarelo: No intervalo de 100 ml a 1.500 ml, só a cantidade nominal seguinte: ml: 620.

Viño espumoso: No intervalo de 125 ml a 1.500 ml, só as cinco cantidades nominais seguintes: ml: 125 – 200 – 375 – 750 – 1.500.

Viño de licor: No intervalo de 100 ml a 1.500 ml, só as sete cantidades nominais seguintes: ml: 100 – 200 – 375 – 500 – 750 – 1.000 – 1.500.

Viño aromatizado: No intervalo de 100 ml a 1.500 ml, só as sete cantidades nominais seguintes: ml: 100 – 200 – 375 – 500 – 750 – 1.000 – 1.500.

Bebidas espirituosas: No intervalo de 100 ml a 2.000 ml, só as nove cantidades nominais seguintes: ml: 100 – 200 – 350 – 500 – 700 – 1.000 – 1.500 – 1.750 – 2.000.

2. *Definicións dos produtos*

Viño tranquilo: Viño conforme a definición do artigo 1, número 2, letra b), do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola (1) (código NC ex 2204).

Viño amarelo: Viño conforme a definición do artigo 1, número 2, letra b), do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 (código NC ex 2204), coa denominación de orixe «Côtes du Jura», «Arbois», «L'Étoile» ou «Château-Chalon», en botellas segundo se definen no punto 3 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999, do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas (2).

Viño espumoso: Viño conforme a definición do artigo 1, número 2, letra b), e dos puntos 15, 16, 17 e 18 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 (código NC 2204 10).

Viño de licor: Viño conforme a definición do artigo 1, número 2, letra b), e do punto 14 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 (código NC 2204 21 – 2204 29).

Viño aromatizado: Viño aromatizado conforme a definición do artigo 2, número 1, letra a), do Regulamento (CEE) n.º 1601/91, do Consello, do 10 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras xerais relativas á definición, designación e presentación de viños aromatizados, de bebidas aromatizadas a base de viño e de cócteles aromatizados de produtos vitivinícolas (3) (código NC 2205).

Bebidas espirituosas: Bebidas espirituosas consonte a definición do artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 110/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección da indicación xeográfica de bebidas espirituosas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1576/89, do Consello.

(1) DO L 179 do 14.7.1999, p. 1. Regulamento modificado en último lugar polo Regulamento (CE) n.º 1791/2006 (DO L 363 do 20.12.2006, p. 1).

(2) DO L 118 do 4.5.2002, p. 1. Regulamento modificado en último lugar polo Regulamento (CE) n.º 382/2007 (DO L 95 do 5.4.2007, p. 12).

(3) DO L 149 do 14.6.1991, p. 1. Regulamento modificado en último lugar pola Acta de Adhesión de 2005.

(4) DO L 160 do 12.6.1989, p. 1. Regulamento modificado en último lugar pola Acta de Adhesión de 2005.

ANEXO II

Métodos de cálculo estatístico

Denominando x_i o valor da medida do contido efectivo do iésimo elemento da mostra de n elementos.

1. A media dos valores da mostra é:

$$\bar{X} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} x_i}{n}$$

2. A estimación da desviación típica determínase: Pola suma dos cadrados dos valores x_i .

$$\sum_{i=1}^{i=n} (x_i)^2$$

Polo cadrado da suma dos valores.

$$\left(\sum_{i=1}^{i=n} x_i \right)^2$$

Pola suma corrixida.

$$SC = \sum_{i=1}^{i=n} (x_i)^2 - \frac{1}{n} \left(\sum_{i=1}^{i=n} x_i \right)^2$$

Pola estimación da varianza.

$$v = \frac{SC}{n - 1}$$

A estimación da desviación típica é:

$$s = \sqrt{v}$$